

CLASE DE COMPOSICIÓN DE ANTÓN GARCÍA ABRIL

Estrea de obras

Director: Maximino Zumalave

**Auditorio da Escola de
Altos Estudos Musicais**

7 de abril de 2010

21.00 horas



XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA

OBRAS DE CÁMARA

Antonio Romero [1990]

Paseando por Nova Iorque

José Javier Ces [1966]

"Morno" Fantasía para violonchelo e piano

Rubén Vizcaíno [1978]

Trío para violín, violonchelo e piano

Julio Vázquez [1958]

Dos movimientos sobre un tema de Béla Bartók

OBRAS DE ORQUESTRA

Director: **Maximino Zumalave**

Miguel A. Gómez [1990]

Las tres dimensiones

Federico Mosquera [1986]

Concertino para orquesta de cuerda

Javier Comesaña [1968]

Nocturno

ANTÓN GARCÍA ABRIL,
compositor

De 1974 a 2003 imparte clases como catedrático de composición e formas musicais do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. Na actualidade é director da cátedra Manuel de Falla de Cádiz, profesor de composición da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de composición dos cursos de verán Música en Compostela.

Académico da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid, recibiu premios e recoñecementos como os seguintes:

- Premio Nacional de Música 1993.
- Premio Fundación Guerrero de Música Española 1993.
- Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes, 1998.
- Doutor Honoris Causa pola Universidade Complutense de Madrid.
- Medalla de Ouro do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.
- Gran Cruz de Alfonso X El Sabio.
- Premio Iberoamericano da Música Tomás Luis de Victoria.
- Premio de Cultura, na modalidade de música, da Comunidade de Madrid.
- Doutor Honoris Causa pola Universidade de La Habana (Cuba).

Antonio Romero Cienfuegos [A Coruña, 1990]

Comeza os seus estudos de contrabaixo aos 8 anos e actualmente cursa 3º de Superior no Conservatorio da Coruña coa profesora Nerea Casanova Gilsanz. Recibiu clases de mestres do nivel de Carlos Méndez, Thomas Martin, Antonio García Araque, Ferrán Sala... e tocou con directores como Pietro Rizzo, Alberto Zedda, James Judd ou Jan Cober. Foi seleccionado para tocar coa European Youth Wind Orchestra en Luxemburgo e acadou o segundo premio no XI Concurso Diputación de Toledo para instrumentos de corda. Ademais, colaborou coa Orquestra Sinfónica de Valencia no ano 2009 e, máis recentemente, coa Orquestra Sinfónica de Galicia.

J. Javier Ces Calvo [Taragoña, 1966]

Naceu en Taragoña, Rianxo. Posúe o Título Superior de Tuba-Bombardino, Medio de Trombón e sexto de Piano no Conservatorio da R.S.E. de Amigos del País. Ao mesmo tempo, perfeccionábase co mestre Enrique Ferrando Sastre (trombonista da ONE). En 1992 acadou por concurso-oposición a praza de Bombardino na Banda Municipal de Santiago de Compostela e obtén pola USC o Certificado de Aptitude Pedagóxica.

Realizou composicións para distintos grupos instrumentais que abranguen desde música de cámara ata música para conxuntos instrumentais, banda e orquestra.

Na actualidade prosegue a súa formación na EAEM, nos cursos de composición que imparte o mestre Antón García Abril. Tamén asiste ás clases-conferencia de análise co mestre José Luis Turina e harmonía moderna-jazz na Escola Estudio, impartidas polo mestre Suso Atanes.

Rubén Vizcaíno [Lugo, 1978]

Realizou estudos de piano nos conservatorios de Santiago de Compostela e Lugo. Acada a licenciatura en Dereito (rama económico-empresarial) na Universidade de Vigo e, posteriormente, obtén por oposición praza como funcionario de habilitación estatal, desenvolvendo o seu traballo na Administración local. Na actualidade continúa a súa formación musical na EAEM no eido da composición co mestre García Abril.

Julio Vázquez Rodríguez [Lugo, 1958]

Naceu en Lugo en 1958. Estuda solfexo e violín no Antigo Conservatorio de Santiago entre os anos 1971 e 1975. Neste último trasládase a Madrid para estudar arquitectura (profesión que exerce actualmente), onde compatibiliza estudos con concertos como guitarrista e membro de Voces Ceibes, ou acompañando a Bibiano e Vicente Araguas, para os que realiza arranxos musicais da súa obra poética. Entre os anos 1993 e 1995 estuda harmonía con Antonio Peña e composición con Vladimir Rosjnskj. Xa na Coruña, reinicia a súa relación coa música tomando clases de piano coa profesora Tatiana Prjevalskaia desde o ano 1995 ata o ano 2000. Desde o ano 2003 forma parte do Coro de Cámara Madrigalia da Coruña.

Miguel Ángel Gómez González-Vallés [A Coruña, 1990]

Naceu na Coruña en 1990. Aos seis anos comezou a estudar música e aos sete compuxo as súas primeiras obras. Asistiu a encontros con compositores como Antón García Abril ou David del Puerto. Posúe oído absoluto e facilidade para a improvisación. Compuxo unhas 40 obras para piano, cámara, coro e orquestra. Gañou concursos de composición, como o Fundación Autor, e concursos de piano, como Asegaim, Veguellina de Órbigo ou Infanta Cristina. Na Coruña estudou piano con Irina Moriatova e en 2008 entrou como número 1 no Real Conservatorio de Madrid, onde está a estudar con Pilar Bilbao e onde en outono a orquestra Jóvenes Cuerdas de Madrid estreará tres obras súas.


Federico Mosquera [A Coruña, 1986]

Federico Mosquera nace na Coruña o 17 de decembro de 1986. Supera os seus estudos de piano coas máximas cualificacións no Conservatorio Profesional da Coruña, e actualmente cursa no Conservatorio Superior da Coruña o último ano da especialidade de piano co profesor José Manuel Yáñez. Así mesmo, recibe clases de piano da prestixiosa profesora Mercedes Goicoa desde o ano 2000. Formou parte do programa Erasmus entre outubro de 2009 e febreiro de 2010, estudando na Akademia Muzyczna de Cracovia (Polonia) co profesor Andrzej Pikul. Asiste aos cursos de composición da EAEM impartidos por Antón García Abril desde o ano 2005, estreando no marco destes a súa *Sinfonía de cámara*, baixo a dirección de Maximino Zumalave.

Javier Comesaña Pereira [Bremenhaven, 1968]

Nace en Bremenhaven, Alemaña. Posúe o título superior de saxofón. Estuda saxofón con distintos profesores: Celso Otero, Narciso Pillo, Pedro Iturralde, Francisco Martínez, entre outros. Realiza cursos de perfeccionamento de dirección de bandas de música e coral con Pedro Pinfano, Georgui Fedorenko. Desde o ano 2000 forma parte da clase de composición do mestre Antón García Abril. Foi un dos fundadores do cuarteto de saxofóns Sax. Disonant. Tamén no ano 1985 funda a coral xuvenil Velaivai e a banda de música Banda-Escola de Beade. Actualmente dirixe a Banda Municipal da Estrada, así como o Conservatorio Profesional de Música.





APUNTAMENTOS AO PROGRAMA
Antón García Abril

No curso 1999 fíxeme cargo da clase de composición da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. Dende entón, traballei con distintos grupos de xoves alumnos compositores, procedentes de toda a comunidade, nun proxecto de grande interese e de alta relevancia para o desenvolvemento da música galega, na disciplina da creación musical. Dende aquel inicio ata hoxe, pasaron por este curso de composición un número xa moi significativo de alumnos, sempre moi heteroxéneo na súa configuración, dado os distintos niveis de formación que, en xeral, presentan cada un dos asistentes ao curso. Podo asegurar que se acusa, en xeral, un progreso crecente dos grupos participantes; eles van descubrindo os distintos procedementos que, cada un, e segundo a súa formación, van demandando, a través das ferramentas técnicas (a música é arte e ciencia) que pretendo poñer ao alcance das súas mans. A miña proposta pedagóxica baseouse, sempre, en informar de todos aqueles procedementos que tecnicamente lles poida axudar, para abrir canles de comunicación desde unha técnica básica xeral da composición, que lles permita iniciar o proceso compositivo que require calquera idea musical para ser ben comunicada.

O concerto que hoxe se presenta ofrécenos unha mostra, creo que ben precisa, da diversidade de personalidades e permítenos, á súa vez, observar, en cada unha das obras que se interpretan, que se atopan en posesión dunha técnica moi desenvolvida en relación co breve período de tempo dedicado aos estudos de composición. Creo que pagou a pena o esforzo que estes mozos compositores dedicaron para alcanzar unhas primeiras metas, ao lograr unha escritura que nos fai garantir que, perseverando no traballo, cada un na súa particular forma de expresión, conseguirá niveis que, estou seguro diso, hai moi pouco tempo non eran imaxinables.

Quero agradecer ao xefe de estudos do centro, Enrique Meyer, a súa permanente dedicación en todo o relacionado co curso.

Ao mestre Maximino Zumalave, o meu total recoñecemento ao prestar o seu total apoio o curso e a cada un dos mozos compositores, brindándose a dirixir estes primeiros traballos que, cheos de ilusión, ofrécense hoxe tutelados pola súa sabia mirada.

Para rematar, agradecer a cada un dos intérpretes a súa participación neste concerto de presentación das primeiras obras dos alumnos de composición desta Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

OBRAS DE CÁMARA

Paseando por Nova Iorque

Antonio Romero

Contrabaixos: Marta García / Juan. L. Varela / Carlos Méndez
Antonio Romero / Enrique Toribio

"Morno" Fantasía para violonchelo e piano

José Javier Ces

Violonchelo: Aïlsa Lewin
Piano: Eriko Ishimoto

Trío para violín, violonchelo e piano

Rubén Vizcaíno

Violín: Lidia P. García
Violonchelo: Olalla González
Piano: Eriko Ishimoto

Dos movimientos sobre un tema de Béla Bartók

J. Delmont

Trompa: Javier González
Trompetas: Adrián Viñas / Yael Fiuza
Trombóns: Daniel Ruibal / Ricardo Pedrares

OBRAS DE ORQUESTRA DE CORDA

Las tres dimensiones

Miguel A. Gómez

Concertino para orquesta de cuerda

Federico Mosquera

Nocturno

Javier Comesaña

Violíns I: David García, concertino / Cibrán Seixo axuda do concertino / Rocío Rossi / Cristian Álvarez
Lidia P.García / Xaquín Carro / Loida Díaz/ Ana Shi Yu

Violíns II: Sergio Aparicio / Ana Montoro / Fabio Salgado
Sara Gil / Hugo Rodríguez / Eduardo Vecbastiks

Violas: Lorena García / Teresa Cardoso / Óscar Tomé
Arturo Valderrey

Violonchelos: Guillermo Alzugaray / Antía Gullén
Olalla González / Sabela Vázquez

Contrabaixos: Marta García / Enrique Toribio / Juan. L. Varela

Fruta: Patricia González

Piano: Miguel A. Gómez

